

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 31 DE XULLO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES CONCEDIDAS E DENEGADAS PARA A ORGANIZACIÓN DE OBRADOIROS NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025 NO CAMPUS DE OURENSE

De acordo coa base 8.3 da resolución reitoral do 17 de xuño de 2024 pola que se convocan as axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso académico 2024/2025, e segundo o acordo da Comisión Permanente, delegada do Consello de Campus de Ourense, que tivo lugar o 29 de xullo de 2024,

Esta reitoría **RESOLVE**:

1. Aprobar a publicación da listaxe provisional das solicitudes concedidas e denegadas para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2024/2025 no campus de Ourense (Anexo).
2. Establecer un prazo de 5 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro electrónico, para emendar os erros, achegar a documentación requirida ou presentar as alegacións que consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o obradoiro presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número [de rexistro da solicitude](#).

Quen dentro do prazo sinalado non emende a exclusión ou alegue a omisión, xustificando o dereito a ser incluído/a na relación de solicitudes admitidas, será definitivamente excluído/a do proceso.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo



## Anexo: Listaxe provisional de solicitudes concedidas e denegadas

### Solicitudes concedidas provisionalmente

Nome e apelidos	Obradoiro proposto
Francisco Javier Aguiar Fernández	Ferramentas artísticas e socioafectivas para a intervención social
Francisco Javier Aguiar Fernández	Introdución á rexeneración ecosocial
Almudena Alonso Ferreiro	Novas linguaxes e habilidades Maker para educación
María Pino Díaz Pereira	Mindfulness e benestar
Antón Lois Fernández Álvarez	Intensidade e fragilidade na pintura actual
María Lameiras Fernández	Grupo de crecemento persoal e empoderamento para mulleres
Ana María Torrado Agrasar	Danzas do mundo e interculturalidade

### Solicitudes excluídas provisionalmente

Non hai

